



O QUE REALMENTE DI O RDLei 14/2012

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

O Real Decreto-lei 14/2012 aprobado o 20 de abril marca un antes e un despois no deterioro da calidade educativa en todo o Estado.

Independentemente da estratexia do actual goberno da Xunta, **coa ollada posta no horizonte electoral**, o novo marco legal aprobado a nivel estatal supón unha espada de Damocles sobre o sistema educativo galego. Ante a proximidade das eleccións galegas o goberno da Xunta decidiu agardar os resultados antes de aplicar os recortes máis drásticos, pero a calificación por parte do Conselleiro das mesmas como “medidas valentes” non dá moitas esperanzas sobre un hipotético “plante” a Madrid a medio prazo. **Só un cambio de goberno na Xunta pode facer albiscar algunha esperanza neste sentido.**

Obrigado ao profesorado a asumir ata un 20% máis de alumnado, xunto cun aumento de horas docentes-o que en secundaria e entre os mestres especialistas en primaria implica un aumento dos grupos que imparte cada docente, é dicir, outro aumento de alumnado- supón condenar ao fracaso académico a aquela parte das alumnas e alumnos que precisan maior atención e que non a recibirán porque, literalmente, non haberá de onde sacar o tempo para o facer. Dito doutra maneira, é un xeito de introducir o “copago” na educación pública: quen teña dificultades nalgunha materia e a súa familia poida costearse clases particulares, terá unha oportunidade de as superar; quen non, engrosará as abultadas cifras do fracaso escolar.

Esta medida suporía, ademais, o despedimento de centos de interinas e interinos que están a completar actualmente as plantillas fixas dos centros educativos, así como precarizar aínda máis as condicións laborais das e dos que non vaian ao paro. A eliminación practicamente total do profesorado interino e substituto que se podería chegar a dar, e a nova reestruturación da planificación dos centros (grupos e cadros) pode traer consigo unha remexida xeral de amplos sectores do profesorado que hoxe teñen praza definitiva nos seus centros e que se verían desprazadas/os.

A medida relacionada coa non cobertura das baixas por enfermidade de ata 15 días, temos a certeza de que a Consellaría a aplicará, xa que a deficiente cobertura das baixas vén sendo unha estratexia de aforro económico empregada cada vez máis pola consellaría, como puidemos constatar ao longo deste curso. Sen embargo, a medida anunciada muda a situación actual en Galiza, xa que deixaríanse sen cubrir os 15 primeiros días de calquera baixa, aínda a sabendas de que a mesma pode durar meses..

Aprazar o aumento a 2000 horas de todos os ciclos de FP supón unha retroceso claro na formación do alumnado – coa reforma agora paralizada, de tres trimestres lectivos pasaríase a cinco- e polo tanto na mellora da “competitividade” da que, segundo nos din, o mercado laboral anda escasa.

Eliminar as dúas opcións de Bacharelato en todos os centros educativos, suporía, nos centros educativos do rural galego, unha clara discriminación do alumnado ao obrigalo a se desprazar, de puiden, a centros mesmo doutras localidades nos que se imparta a opción que debe, obrigatoriamente, cursar para poder optar aos estudos posteriores que desexe. Unha proba máis de cómo os recortes afodan nas desigualdades de partida e non se trata dunha mera xestión eficiente sen consecuencias para a igualdade de oportunidades, como nos queren facer crer. De ir esta medida acompañada da eliminación de bolsas para o transporte (quen pon a man no lume a que isto non vai pasar?), impediría ao alumnado de sectores máis desfavorecidos acudir aos centros de ensino onde se imparta a súa opción de bacharelato.

A suba das taxas universitarias, xunto coa redución de case un 12% do orzamento de bolsas (166,4 millóns menos que en 2011), supoñen que o goberno quere volver a universidade máis elitista, limitando o acceso



O QUE REALMENTE DI O RD 14/2012

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

á Universidade Pública á gran maioría de cidadáns e cidadás, os que teñen niveis de renda medios e baixos.

Conxelar ou reducir os complementos salariais do profesorado suporía castigar máis a un colectivo ao que xa se nos ten aplicado unha rebaixa salarial considerable, o que unido ao deterioro do labor docente que implican as outras medidas anunciadas, tería unhas consecuencias previsiblemente desastrosas sobre a moral do profesorado.

Ante esta situación de emerxencia dos servizos públicos é necesario que tomemos conciencia de que estes recortes e perdas de dereitos para o conxunto da sociedade non son medidas de carácter temporal, como nos din; veñen para se quedar e converter os servizos públicos en algo residual, promovendo as privatizacións e as formas de financiamento mixto, coñecido como "copago", á que deberíamos denominar "repago", porque son servizos que xa pagamos cos nosos impostos. Fronte a esta situación, esiximos ao Goberno Central e ao da Xunta que persigan a fraude fiscal e non propicien amnistías, que paguen máis os que máis teñen, xa que os recortes do público non só destrúen emprego, senon que xeran pobreza e exclusión social, incrementando a inxustiza e a perda de calidade democrática que estamos a padecer.

...